



**MEMORIA de CALIDADE
FACULDADE DE ÓPTICA e OPTOMETRÍA**

Curso Académico: 2013/14

Introdución	p. 3
Estrutura da Facultade para o desenvolvemento do SGIC	p. 4
Sistema de Garantía Interna de Calidade	p. 6
Informes de seguimento	p. 7
Plan de melloras da Facultade	p. 8
Anexo 1. Indicadores do SGIC	p.10
Anexo 2. Plans de mellora da titulación	p.12

Introdución

A Facultade de Óptica e Optometría considerando a política de calidade da USC, ven de elaborar a súa política, marcándose como obxectivo desta o desenvolvemento de programas de formación para o seu estudiantado, que se caracterizan por unha xestión de calidade. A calidade desta Facultade busca ter un compromiso de eficacia cos grupos de interese.

Na Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría, correspondente ao curso académico 2013-2014, recóllese toda a información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento do título que se imparte e ao plan de mellora proposto para o centro para o curso 2014-2015.

Continuando co compromiso do centro do cumprimento co desenvolvemento de SGIC do centro, elabórase a Memoria de Calidade da Facultade para o ano 2014.

Estrutura da Facultade de Óptica e Optometría para o desenvolvemento do SGIC

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2013-2014 ten en conta a titulación impartida no centro e a todas as persoas da Facultade: 304 alumnos, (IN02-PC-05), 46 membros do cadro do PDI e 10 membros do PAS.

Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2013-2014 son:

- Grao en Óptica e Optometría (*titulación profesional regulada por Lei*).
- Diplomatura en Óptica e Optometría (*dereito a exame sen docencia*)

Impártese ademais por terceira vez o Curso ponte para a obtención do grao en Óptica e Optometría para os Diplomados en Óptica e Optometría.

Documentación de referencia: Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC, o Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que se relaciona a continuación:

- Memoria do Grao en Óptica e Optometría da USC
<http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría
<http://www.usc.es/gl/centros/opto/regulamento.html>

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título, a responsable de calidade do centro e a coordinadora de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no *punto 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría: Estrutura para o desenvolvemento do SGIC Capítulo 3 do manual simplificado do SGIC do Centro* - <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC

Decano/a ou Director/a do Centro (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinador/a de Titulación/s

1 membro do PAS (Responsable da Unidade de Centro ou persoa que designe o/a decano/a ou Director/a do Centro)

1 alumno/a (preferiblemente alumno/a - titor/a)

Outros membros que o/a decano/a ou director/a do Centro considere oportuno propoñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

As Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2013-14 celebráronse nas datas 5/12/2013 y 11/12/2013, para aprobación do Plan Estratéxico do centro. Os días 27/05/14, 11/06/14, 21/07/14, co obxectivo de dar resposta ao informe provisional de seguimento do título relativo ao curso 12/13 e posteriormente o 12/09/14, 18/09/14 e 28/10/14 coa finalidade de validar o seguimento do título do curso 13-14, elaborado pola comisión do título reunida o 12/09/14, 22/10/14 e 28/10/14, e que ratificou por unanimidade a Xunta de Facultade con data 29/10/14. O día 15/12/2014, a Comisión de Calidade aprobou os seguintes documentos: Díptico da titulación de Grao en Óptica e Optometría, que se vai a utilizar para a captación de alumnos e promoción da titulación entre o alumnado de bacharelato; a Guía do centro para o curso 14-15, que forma parte da información pública da facultade e que estará dispoñible na páxina web; o Manual Simplificado do SGIC, que inclúe as modificacións nos indicadores do SGIC da USC e un novo indicador elaborado e xestionado polo centro; e a Memoria de Calidade 2013-2014.

A aprobación de estes catro documentos foi ratificada pola Xunta de Centro do día 19/12/2014.

Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende xullo de 2009, a Facultade de Óptica e Optometría conta cun Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia está no "Manual do Sistema de Xestión Interna de Calidade (MSGIC)" <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html> onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos e Procedementos".

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo, a Xunta de Facultade aprobou unha modificación do SGIC nunha reunión ordinaria da Xunta de Facultade con data 12/12/13 co que se simplifica a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC.

O "Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría", así como o "Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos" están dispoñibles na páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado á Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2013-14 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

Ao longo do curso 2013-14 detectouse a necesidade de modificar algúns dos artigos do Regulamento de Traballo Fin de Grao (TFG) do centro, que foi aprobado en Xunta de Facultade do 23/01/2014, coa finalidade de adaptalo mais as características do centro e da titulación.

No relativo ao informe de seguimento da titulación do Grao en Óptica e Optometría, tivéronse en conta as suxestións feitas pola ACSUG en relación á elaboración do Informe de Seguimento do título de grao no curso 2012-13 e da titulación en xeral, procedéndose a implementar os cambios necesarios para a súa mellora.

Co obxecto de cumprir todos os requisitos necesarios para superar con éxito o proceso de verificación da Titulación, estase a traballar na modificación da memoria do Grao en Óptica e Optometría. Con tal fin, A Comisión do Título reuniuse nas datas 26/11/2014 e 05/12/2014 para redactar os apartados de xustificación do título e comezar co estudo de viabilidade da titulación, esixido pola Xunta de Galicia previo o inicio do proceso de modificación.

No relativo á implantación do SGIC no centro, tanto a Responsable de Calidade como a Responsable da Unidade de apoio á xestión do centro e departamentos, mantiveron reunións cos membros da área de calidade e mellora dos procedementos para a utilización da nova aplicación informática de calidade. Incluíronse as accións de calidade desenvolvidas no curso 2012-2013 na aplicación e xeráronse as axendas novas para o curso 2013-2014 tanto para a Facultade como para o Título de Grao en Óptica e Optometría.

En novembro de 2014 a USC modificou os indicadores do SGIC xeral da USC, polo que a Facultade ten que adaptar o seu SGIC ao da USC. Con esta finalidade, o 15/12/2014 a Comisión de Calidade do centro aproba o novo manual simplificado do SGIC, no que se incorporan as modificacións xerais feitas no SGIC da USC e se incorpora un novo indicador a modo de informe, elaborado polo propio centro dentro do proceso de seguimento/acreditación do título. A aprobación do novo manual foi ratificada pola Xunta de Centro do día 19/12/2014.

Informes de seguimento

Na Facultade de Óptica e Optometría impartiuse durante o curso 2013-2014 o Grao en Óptica e Optometría e o Curso Ponte para a obtención do Grao, dirixido a Diplomados en Óptica e Optometría.

A comisión do título de Grao elaborou o informe de seguimento correspondente ao curso 2013-2014, tomando en consideración todas e cada unha das suxestións e aportacións do informe provisional e final de seguimento feito pola ACSUG.

O informe de seguimento do Grao en Óptica e Optometría, pódese atopar na seguinte ligazón: <http://www.usc.es/gl/centros/opto/seguimento.html>, e tamén se pode consultar na Secretaría do Centro.

Plan de mellora da Facultade de Óptica e Optometría

No curso 2013-2014, leváronse a cabo as seguintes accións de mellora na Facultade:

Continuando coa estratexia da mellora dos recursos na Facultade (RRHH e materiais do centro), de cara a acadar unha política de calidade na estrutura do grao, o centro mellorou o **XESTOR DE PRÁCTICAS TUTELADAS**, co obxecto de que o alumnado teña unha maior accesibilidade aos centros onde desenvolver as prácticas, reguladas pola titulación e coordinadas entre a Facultade de Óptica e Optometría e o Colexio de Ópticos Optometristas, co que se asinou un convenio de colaboración.

<http://www.usc.es/gl/centros/opto/index.html>

<http://www.usc.es/gl/centros/opto/convenios.html>

Asinouse un convenio de colaboración coa empresa GENERAL ÓPTICA, para que o alumnado poida levar a cabo as súas prácticas tuteladas fóra de Galicia.

Asinouse o convenio de colaboración para as prácticas clínicas coa Consellería de Traballo e Benestar Social, para que o alumnado puidese realizar as ditas prácticas nos Fogares Residenciais de Maiores dependentes da Xunta de Galicia.

O Servizo de Optometría continúa co desenvolvemento do convenio de colaboración co Servizo de Vixilancia da Saúde da USC para a remisión de pacientes ás prácticas das materias da titulación que se imparten no Servizo. Por outra banda, o Servizo de Optometría, ofertou 2 prazas para a realización de prácticas tuteladas aos alumnos de 4º curso do grao.

Ademais o Servizo de Optometría promoveu á atención clínica a pacientes da comunidade

universitaria dentro da programación docente clínica das materias da titulación que se imparten no Servizo.

A Área propia de Optometría solicitada, foi aprobada no Consello ordinario de Goberno da USC con data 30/10/2013, o que significou finalmente a agrupación do profesorado Óptico-optometrista nun grupo de profesionais da saúde con obxectivos comúns.

A pesar de que o número de profesionais Ópticos- Optometristas segue a ser insuficiente para acadar os máximos de calidade que se precisan de cara á consecución do Diploma europeo, no curso 2013-14 contouse con dúas novas prazas de profesores especializados en Optometría, coa categoría de profesor/a substituto/a a tempo parcial; que mitiga de forma relativa o desfase de horas de traballo que os/as docentes da Área de Optometría teñen que desenvolver.

Incentivouse a adecuación dunha das prazas dos técnicos adscritos á Facultade ao campo da Contactoloxía.

Segue sendo notable a necesidade da creación dunha praza de técnico de nivel superior para adecuar ás necesidades e especificidades do Servizo de Optometría.

As accións de mellora para o curso 2014-2015 recóllense no anexo II desta memoria

Anexo 1. Indicadores do SGIC

Os indicadores do SGIC para o Grao en Óptica e Optometría

Cod.	Nome	Valor
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	60(grao)+ 40 (curso ponte)
IN02G-PC-05	Matrícula	304,00
IN03G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	104,00
IN04G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	61,00
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	5,17
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	8,10
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	100,00
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,99
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	5,92
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	51,67
IN12G-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	101,67
IN15G-PC-08	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	Non hai datos
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	Non hai datos
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,33
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	4,03
IN20G-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	Non hai datos
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	Non hai datos
IN23G-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	Non hai datos
IN24G-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	58,70
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	78,26
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	73,91
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	7,79
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	49,14
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	18,14
IN33G-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	0,00

IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	78,70
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	86,98
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	90,47
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación Non se pode calcular ata o curso 2014-2015	
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,00
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	98,52
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	28,81
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	28,81
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	0,00
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,62
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,53
IN48G-PM-02	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	35,05

Anexo 2. Plan de mellora das titulacións da Facultade de Óptica e Optometría

Inclúese neste anexo o plan de melloras da Facultade do curso 2013/2014.

O formato que se presenta é o que proporciona a Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión da USC.

5.- PROPOSTAS DE MELLORA.

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-01
		Tipo	Incrementar nº RRHH de profesionais en Óptica e Optometría
		Orixe acción	O Decanato detecta déficit de profesorado especializado en Optometría (PDA – POD).
	Orixe	Descrición orixe	Desde a posta en marcha do grao, detéctase que 7 docentes deben impartir un total de 2.800 horas.
		Análise causa	Desde o curso 2011 vense detectando un déficit de profesorado con perfil de Óptico Optometrista, tan só se conta con 5 profesores a TC, necesitándose como mínimo 12.
	Definición	Definición/ descrición proposta	Analízase o PDA e POD do curso 2011/12 e prevese o nº RRHH necesario a solicitar ao Reitorado para o novo curso
		Data prevista de finalización	31/12/2015
		Data inicio	01/09/2011
Responsables		Usuario responsable da implantación Decana: Luz M. Gigirey Prieto Responsable de Calidade: Carmen Bao Varela Coordinadora do Título: M ^a Jesús Giráldez Fernández	
	Outros responsables da implantación	Decana Facultade: Luz M Gigirey Prieto Vicedecana: M Carmen Bao Varela	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		

	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	No curso 2012 incorporáronse tres novos profesores ópticos optometristas
	Data estado	28 de xaneiro de 2013
	Comprobación	Incremento da plantilla no POD do centro Esta acción de mellora programouse por 1ª vez no curso 12/13 pero o seu período de execución comprende dous cursos académicos, polo que volvemos a incorporala neste plan de melloras.
	Data comprobación	30 de maio de 2013

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-02
		Tipo	Mobilidade do alumnado
	Orixe	Orixe acción	O Decanato e a Comisión de Título detecta falta de mobilidade do alumnado
		Descrición orixe	Ata a completa implantación do grao non houbo información de cara á mobilidade internacional, por falta de convenios
	Definición	Análise causa	A falta de mobilidade está motivada polo paso dunha diplomatura (só mobilidade en SICUE) ao grao
		Definición/ descrición proposta	Promover convenios internacionais de mobilidade para o alumnado

	Data prevista de finalización	30 de xullo de 2016
	Data inicio	09/09/2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Prof. Encargado da mobilidade: Jorge Gilino Paz Coordinadora Título: M ^a Jesús Giráldez Fernández
	Outros responsables da implantación	Decana: Luz M Gigirey Prieto Vicedecana: M Carmen Bao Varela
Tarefa1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03
		Tipo	Dar a coñecer a titulación á sociedade
	Orixe	Orixe acción	Decanato, Comisión de Título e profesorado experto na Optometría
		Descrición orixe	Alta porcentaxe de pacientes que preguntan no Centro se se fan revisións visuais
	Definición	Análise causa	Falta de coñecemento da profesión pola sociedade
		Definición/ descrición proposta	Campañas divulgativas e de información das funcións e competencias do Óptico Optometrista como axente de atención primaria
		Data prevista de finalización	15 de xullo de 2016
		Data inicio	11 de xaneiro de 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Equipo Decanal Coordinadora do Título	
	Outros responsables da implantación	Profesorado da Titulación	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
	Usuario responsable		
Subtarefa 1	Código		

	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	Esta acción de mellora programouse por 1ª vez no curso 12/13 pero o seu período de execución comprende dous cursos académicos, polo que volvemos a incorporala neste plan de mellora.
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	de	Código	AM-04	
		Tipo	Incluír toda a memoria do título na aplicación do Ministerio de Educación coas modificacións recomendadas no Informe de Verificación	
	Acción mellora	Orixe acción	As recomendacións feitas na última acreditación do título	
		Descrición orixe	O último informe de seguimento do título que detectou a carencia.	
	Definición	Orixe	Análise causa	Informe de acreditación e informe de seguimento curso 2012/13
			Definición/ descrición proposta	Solicitar a apertura da aplicación de verificación de títulos do Ministerio de Educación para incorporar os apartados que faltan da memoria do título
		Definición	Data prevista de finalización	31 de xullo de 2015
			Data inicio	1 de decembro de 2014

Responsables	Usuario responsable da implantación	EQUIPO DECANAL
	Outros responsables da implantación	
Tarefa1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Subtarefa 1	Código	
	Descrición tarefa	
	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	de acción mellora	Código	AM-05
		Tipo	Crear un modelo tipo de guía académica para o centro
	Orixe	Orixe acción	Informe de Seguimento curso 2012/13
		Descrición orixe	Recomendacións do Informe de Seguimento curso 2012/13
	Definición	Análise causa	
		Definición/ descrición proposta	O modelo da guía académica do centro contará coa información relativa ás competencias concretas que se valoren nas diferentes materias e solicitar á USC a súa incorporación no 2º semestre do curso 2014/2015.
		Data prevista de finalización	1 de marzo de 2015
		Data inicio	1 de novembro de 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Coordinadora do título	
	Outros responsables da implantación	Equipo decanal	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
	Usuario responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		

	Data prevista de finalización	
	Persoa responsable	
	Usuario responsable	
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	